



BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DO PLAN INTEGRADO DE EMPREGO ACTIVA-T 2016-17.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA E FUNCIÓNS.

1.1.- Obxecto da Convocatoria. É obxecto das presentes bases a selección en réxime de persoal laboral temporal, por obra ou servizo determinado, dun posto de Técnico para o Plan Integrado de Emprego Activa-T 2016-2017, a desenvolver nos municipios de Begonte, Friol e Rábade, ao abeiro da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 29 de decembro de 2015 (DOG nº 248, de 30 de decembro de 2015).

1.2.- Funcións. O persoal contratado terá como funcións ou tarefas as actuacións recollidas no devandito Programa Integrado de Emprego, e que a título enunciativo son as seguintes :

a).- Relacionadas coa xestión administrativa do programa : preparación de documentación e trámites para o desenvolvemento das accións do programa, accións de publicidade, documentación e trámites relacionados coa solicitude de prácticas en empresa, comunicación das subcontratacións, trámites relacionados cos certificados de profesionalidade,etc.

b).- Relacionadas co desenvolvemento de competencias por parte dos usuarios do programa: información, orientación e asesoramento, elaboración de itinerarios de inserción, realización e organización de accións encamiñadas ao desenvolvemento de competencias profesionais e de capacidades empresariaisetc.

c).- Relacionadas co mercado de traballo: realización de accións de prospección do mercado laboral, de intermediación laboral, accións para posibilitar a mobilidade xeográfica, colaboración na elaboración dun manual de recursos de apoio a demandantes de emprego e emprendedores.....etc.

2.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

- Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións.

A persoa que resulte seleccionada aportará antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (a non presentación con levará a perda do posto). No caso de que se teña condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os/as aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaban no caso do persoal laboral, do que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- Estar en posesión de titulación universitaria mínima de Enxeñeiro/a Técnico/a, Diplomado/a universitario/a, Arquitecto Técnico ou Grado.

- Permiso de conducir B1.

Tódolos requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión do/a/s solicitante/s o día de presentación da instancia, debendo manterse os mesmos durante o proceso selectivo.

3.- DURACIÓN DO CONTRATO.-


O contrato de traballo terá unha duración determinada, desde a data da súa formalización ata o día 31 de agosto de 2017, data de finalización do programa integrado de emprego.

A xornada laboral será a tempo completo e as retribucións estipuladas serán de 1.187,18 brutos/mes + parte proporcional de pagas extras.

4.- SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

4.1.- Solicitudes : A selección do persoal a contratar levarase a cabo mediante a presentación de instancia – segundo o modelo que figura no anexo I das presentes bases - dirixido ao Sr. Alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello de Begonte , en horario de 9:00 a 14:30 horas de luns a venres, ou a través de calquera dos medios que prevé a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **5 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Cando as solicitudes se presenten fora do rexistro do Concello de Begonte, e co fin de axilizar os trámites, deberase remitir unha comunicación por fax ao Concello (982-396027) ou ao correo electrónico info@concellodebegonte.es comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente.

Os candidatos/as deberán acompañar xunto coa instancia (modelo anexo I), a documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou fotocopias compulsadas), e a relación (modelo anexo II) e acreditación dos méritos alegados.





Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos.

4.2.- Admisión de Aspirantes : Rematado o prazo para presentar as instancias, o Alcalde ditará resolución no prazo máximo de 10 días que conterá:

- A lista provisional de admitidos e excluídos coa especificación do motivo da exclusión.

- A designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.

- A data, hora e lugar en que se valorarán os méritos alegados polos candidatos.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal : www.concellodebegonte.es.

Concederase un prazo de 3 días hábiles , contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución , para a emenda de posibles deficiencias polos aspirantes excluídos, que se aceptarán ou rexeitarán mediante resolución pública de Alcaldía, publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal www.concellodebegonte.es, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o interesado poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web www.concellodebegonte.es da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses desde a citada data. Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

5.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

Constituirase un Tribunal de selección, formado por un número impar de membros, non inferior a cinco, debendo indicarse o mesmo número de suplentes. O Tribunal de selección axustarase ao establecido nos artigos 60 e 61 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público. Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual. Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Presidente , cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no art. 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. A recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 24 da devandita Lei 40/2015, de 1 de outubro.

Os membros do tribunal, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

O nomeamento dos membros do Tribunal e os seus suplentes, realizarase por resolución da alcaldía e publicarse no taboleiro de anuncios do Concello de Begonte e na súa páxina web (www.concellodebegonte.es), xunto coa relación de aspirantes admitidos/as, así como o día, hora e lugar en que se reunirá e terá lugar a valoración dos méritos.

6.- SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO.

O sistema de selección dos aspirantes será o concurso, no que se valorarán os seguintes méritos:

I.- Experiencia Laboral: Máximo 5.00 puntos. Pola prestación de servizos por conta allea como Técnico en tarefas relacionadas con ámbitos de emprego (programas integrados de emprego, de orientación laboral, prospección laboral, intermediación, emprendemento,) en calquera Administración Pública ou na empresa privada: 0,10 puntos/mes completo.

Os servizos prestados acreditaranse mediante a certificación de servizos emitidos pola Administración Pública, ou ben mediante a certificación de vida laboral expedida pola Tesourería da Seguridade Social acompañada da copia compulsada do correspondente contrato de traballo.

II.-Cursos de Formación: Máximo 3.00 puntos. Pola participación ou realización de cursos ou actividades de formación directamente relacionadas coas funcións ou tarefas do posto, impartidas por Organismos Oficiais, conforme á seguinte escala:

- De 25 a 50 horas:	0,20 puntos
- De mais de 50 horas ata 75 horas:	0,40 puntos.
- De mais de 75 horas ata 100 horas:	0,60 puntos.
- De mais de 100 horas ata 200 horas:	1,00 puntos.
- De mais de 200 horas:	1,50 puntos.

Os cursos ou actividades alegados polos interesados acreditaranse mediante fotocopia compulsada dos mesmos. Os cursos nos que non figure expresamente o nº de horas non serán obxecto de valoración.

III.-Formación Académica Superior: Máximo 1.00 puntos. Pola posesión de titulación universitaria superior relacionada coas funcións ou tarefas do posto (Económicas, Empresariais, Ciencias do Traballo, Educación Social, Traballo Social, Relacións Laborais, Recursos Humanos.....etc).



IV.- Outros Méritos :

- Celga 4 ou Equivalente : 0,50 puntos.
- Curso de Formador de formadores, CAP ou Certificado docente de Formación profesional: 0,50 puntos.

7.- CUALIFICACIÓN FINAL DO PROCESO E PROPOSTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma da valoración dos distintos apartados do concurso.

En caso de empate, terán preferencia os participantes que obteñan a maior puntuación no apartado de experiencia profesional e así sucesivamente ata que se desempate. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

O Tribunal publicará a relación de aprobados pola orde de puntuación no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web e elevará dita relación ao Alcalde- Presidente que aprobará a relación de candidatos pola súa orde de prelación aos efectos da provisión do posto.

Non obstante, para o caso de que se produza renuncia do aspirante seleccionado, con anterioridade ou despois de celebrar o correspondente contrato laboral, así como para a cobertura de posibles baixas, substitucións, etc, o órgano de selección elaborará unha lista de reserva, co fin de asegurar a cobertura do posto.

8.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O/a aspirante proposto/a achegará á Administración, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estes xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación. O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de certificación médica ou equivalente.

Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

9.- DISPOSICIÓN FINAL.

En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación as seguintes disposicións :

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local.
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

- Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

- Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia.

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

- Real decreto 896/1991, de 7 de xuño polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos aos que deben axustarse os procesos de selección dos funcionarios da administración local.

- Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado.

- Restante normativa estatal ou autonómica vixente que sexan de aplicación por razón da materia.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos que dela se deriven, así como da actuación do órgano de selección, poderán ser impugnados polos/as interesados/as, nos casos e no xeito previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como na vixente lexislación da xurisdición contencioso administrativa. (Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso - administrativa).



En Begonte, a 2 de Marzo de 2017.

Alcalde-Presidente,

José Ulla Rocha.



ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE

D/D^a. _____, con DNI núm. _____, data de nacemento _____ e domicilio para efectos de notificación en _____, municipio de _____ provincia de _____ e número de teléfono _____, tendo coñecemento do proceso de selección convocado polo Concello de Begonte e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº _____ de data _____, para a provisión de unha (1) praza de persoal laboral temporal, de Técnico Plan Integrado de Emprego Activa-T,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que son certos todos os datos consignados na solicitude.
- Que reúno, na data en que remata o prazo de presentación de instancias, todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, as cales coñezo e acepto expresamente na súa totalidade.
- Que posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias dos postos de traballo.
- Que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Que alego e acredito os seguintes méritos que se relacionan no Anexo II, que se achega á presente solicitude.

Polo exposto SOLICITO que se me admita a presente solicitude xunto coa documentación adxunta, para concorrer ao proceso selectivo incoado aos efectos da provisión do posto.

_____, ____ de _____ de 2017

O/A solicitante,

Asdo.: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BEGONTE.

En relación co establecido na L.O.P.D de Carácter persoal o **CONCELLO DE BEGONTE**, procede a informarlle que os datos obtidos no noso formulario serán incorporados a un ficheiro de datos, do que é responsable o **CONCELLO DE BEGONTE**, con domicilio social na **Praza Irmáns Souto Montenegro nº 1 27.373 – Begonte - LUGO**. Sendo os datos obtidos co consentimento do interesado, Art. 6 L.O.P.D. o obxecto de dito tratamento será para a xestión das relacións contractuais establecidas entre o Concello e o solicitante. O interesado gozará en todo momento dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición garantidos pola Lei vixente. O titular dos datos comprométese a comunicar por escrito o **CONCELLO DE BEGONTE**, calquera modificación que se produza nos datos aportados.

ANEXO II. VALORACIÓN DE MÉRITOS


NOME E APELIDOS. _____

DNI núm.: _____

A.- FORMACIÓN ACADÉMICA.


TITULACIÓN

B.- CURSOS DE FORMACIÓN.



Denominación	Impartido por:	Nº horas

C.- EXPERIENCIA LABORAL.



Administración/ Empresa	Categoría	Xornada(%)	Período		Total		
			Desde	Ata	Días	Meses	Anos

D.- OUTROS MÉRITOS

CELGA 4 ou equivalente debidamente homologado	
Curso de formador de formadores, CAP ou certificado de docente de formación profesional para o emprego	

Asdo.